

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN DE ENFERMOS DE RIL (ALCER), PARA A COBERTURA DO SERVIZO DE TRASLADO DE PACIENTES AOS CENTROS DE HEMODÍALESE DA PROVINCIA DE LUGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o 10.08.2016 un convenio coa Asociación de Enfermos de Ril (ALCER), por un período de vixencia de un ano dende a súa sinatura. Transcorrido o dito prazo o Convenio poderá ser prorrogado por períodos anuais, ata un máximo de tres anos, por acordo expreso entre as partes.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer manter un procedemento que permita simplificar as prestacións por desprazamentos dos pacientes da provincia de Lugo afectados por insuficiencia renal crónica que reciben tratamento de hemodiálise nos diferentes centros distribuídos pola provincia, evitando o aboamento individualizado e centralizando a xestión en ALCER.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A provincia de Lugo ocupa unha extensión total de 9.856,11 quilómetros cadrados e organízase territorial e administrativamente en 67 concellos e 9.755 localidades e entidades menores de poboación.

A súa estrutura urbana e de poboación caracterízase por dúas constantes, a dispersión residencial dos seus habitantes e polo policentrismo urbano, distribuídas nunha orografía das máis complexas de España, con frecuencia de difícil acceso, que fai a dispersión desta provincia como unha das de maior índice de densidade de poboación rural. Este feito require, ocasionalmente, un tratamento socio-sanitario diferenciado do ofrecido por aquelas entidades provinciais con importantes núcleos de concentracións humanas de maior capacidade, por iso, de facilitar a prestación dos servizos asistenciais de alta frecuencia, este é o caso dos pacientes que siguen o tratamento de insuficiencia renal crónica. Pois estes pacientes deben acudir tres veces por semana, en días alternos, a conectarse durante catro horas á máquina de diálise, tempo que hai que sumarlle a media hora previa preparatoria e outra media hora de recuperación, que non sempre é inmediata, pois os efectos poden prolongarse. Estes cambios na presión arterial -baixadas e subidas-, fatiga, mareos, náuseas, dores de peito ou de cabeza ou calambres nas pernas, é o que se coñece como a “*resaca de diálise*”.

A Asociación para a Loita contra enfermidades renais (Alcer), é unha entidade sen ánimo de lucro creada no ano 1976 para mellorar as condicións de vida deste colectivo, nunha época onde o acceso ao tratamento de diálise estaba limitado a un número moi reducido de pacientes e a posibilidade de recibir un transplante de ril eran moi escasas.

Na actualidade converteuse nunha importante ferramenta para desenvolver diversos proxectos que comparte o obxectivo común que levou á creación da asociación, e que se mantén ata a data: a mellora da calidade de vida do colectivo de enfermos renais e a súa familia.

Neses senso leva a cabo actividades , entre outras:

- Información, orientación e asesoramento sobre recursos sociais
- Asesoramento psicolóxico e grupo de apoio
- Asesoramento dietético e nutricional en todas as etapas
- Servizos de acompañamento e apoio.

Outras das actividades a desenvolver é a correspondente á xestión do traslado dos pacientes con insuficiencia renal crónica aos centros sanitarios na provincia de Lugo, para recibir o tratamento de diálise.

A Asociación conta cunha contrastada experiencia na xestión e coordinación deste transporte xa que dende o ano 2008 ven prestando este servizo mediante a formalización de varios convenios de colaboración (convenio do ano 2008 e convenio do ano 2012) alcanzando resultados moi satisfactorios, tanto para os pacientes como para o Servizo Galego de Saúde porque permite unhas condicións máis axeitadas para o traslado dos pacientes de diálise para recibir o tratamento , pois non se recomenda conducir nin antes nin despois do mesmo e estar un tempo de repouso, sendo habitual á sensación de cansazo durante unhas horas e ademais trátase de optimizar as condicións deste transporte ao agrupar rutas, horarios de tratamento, etc.

A asociación Alcer desexa seguir colaborando co Servizo Galego de Saúde na organización desta actividade.

Ante esta situación hai que ter en conta que o artigo 26 Exclusións do Decreto 52/2015, do 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario no seu apartado primeiro establece aqueles traslados que non teñen a consideración de prestación sanitaria obrigatoria, entre os que se atopa o traslado por asistencia continuada, que é o traslado de pacientes desde o seu domicilio a un centro asistencial ou á inversa, por motivos diagnósticos ou terapéuticos.

Así mesmo establece no seu apartado segundo que a planificación, organización e supervisión, así como os gastos ocasionados por estes traslados, poderán ser asumidos polo Servizo Galego de Saúde, sempre que concorran circunstancias que así o aconsellen e exista crédito orzamentario dispoñible.

O convenio de colaboración ten como obxecto manter un procedemento que permita simplificar a tramitación das prestacións por desprazamentos na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo derivadas dos enfermos afectados por insuficiencia renal crónica que reciben tratamento de hemodiálise nos diferentes centros distribuídos pola provincia e deseñar as rutas adecuadas que permitan a agrupación de pacientes o que redunda nunha maior eficiencia no gasto por esta prestación.

Polo que non só pola racionalización e simplificación dos trámites administrativos e custos, que doutra forma debería asumir o Servizo Galego de Saúde a través de reintegro de gastos ou doutros procedementos, senón tamén polo que poida supoñer de mellora nas condicións de traslado destes pacientes para recibir o tratamento.

Dadas as características das actividades a desenvolver, ao colectivo especial de doentes, e a complexidade que supón a organización destes transporte, e tendo en conta que a Asociación Alcer é a única que, na provincia de Lugo, agrupa aos pacientes afectados por insuficiencia renal crónica, para os que se dirixe este tipo de transporte en concreto, e dado o interese público destes servizos, non é posible promover a concorrência pública doutras entidades.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago, a 26 de agosto de 2016